

non é por ter fillos/as

Non é por ser mellor coidadora

non é polo meu curriculum

non é por ir soa

non é por levar días copas

non é pola miña roupa

non é polo que digo

non é polo que non digo

É POR SER MULLER

8 DE MARZO, DÍA DAS MULLERES.

#EPORSERMULLER



Deputación DA CORUÑA



IGUALDADE DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Área de Políticas de Igualdade de Xénero

8 DE MARZO DÍA DAS MULLERES

ACTIVIDADES CONMEMORACIÓN, DEPUTACIÓN DA CORUÑA

É por ser muller

Campaña de sensibilización en medios sobre a necesidade de erradicar prexuízos sexistas e camiñar coeducando cara unha igualdade real.

Animámosvos a empregar o cancelo en redes sociais #EPORSERMULLER e a que partilledes outros prexuízos sexistas como forma de denunciar estas discriminacións e desigualdades.

XI Concurso de viñetas



NOVAS MASCULINIDADES 2020

O obxecto do certame é empregar a viñeta, ou tira de viñetas (como máximo 6) para reflexionar, concienciar, visibilizar e mudar mentalidades da cidadanía en xeral e da poboación adolescente en particular, sobre novas masculinidades así como as claves para avanzar ata unha masculinidade alternativa máis igualitaria.

Pódense consultar as bases na web www.dacoruna.gal

Representación teatral



INVISIBLES. 7 marzo, 20.00h no Teatro Colón. Entrada de balde até completar aforo

Da directora Marián Bañobre, realizada pola compañía Redrum Teatro e premiada no Certame Luisa Villalta 2019 da Deputación da Coruña. Obra baseada no libro de Montse Fajardo que leva o mesmo título. Invisibles é un espectáculo que presenta diversas historias cun fío común entre elas: a violencia de xénero. Son historia reais contadas por mulleres, historias sobre malos tratos. Sensibilizar e transformar a través do teatro para que o público desenvolva unha conciencia crítica e cuestione a realidade que nos envolve.

O rural de todas as mulleres



Creación dun documental colaborativo ou participado sobre a historia de vida das mulleres no rural que se executará nos concellos de Toques, Aranga, Teo, Muxía e Ortigueira entre os meses de marzo e xuño de 2020.